



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 4/2017

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 27 DE ABRIL DE 2017

### ASUNTOS

#### I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRA DE D.ª ROSA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

I.2.- ACTA ANTERIOR

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA RECOLLIDA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS

I.4.- PROPOSTA RELATIVA Á BIBLIOTECA MUNICIPAL

#### II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA á de 27-03-2017 sobre SUBVENCIONS PARA SERVIZOS SOCIAIS

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

### ASISTENTES:

#### Grupos:

#### **Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

#### **Concelleiros/as:**

- D.ª Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.ª Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

### Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 27 de abril de 2017
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesiões da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:03
- *Hora de remate:* 21:35
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Membros asistentes no momento da constitución:* 17

### Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen.

### I.- PARTE RESOLUTIVA

#### I.1.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA DE D.<sup>a</sup> ROSA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

Como consecuencia da renuncia do Concelleiro do Partido Popular D. Modesto Martínez Sienes, a Xunta Electoral Central expediu credencial en favor da seguinte candidata da lista electoral D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez.

Estando presente a designada, prestou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/85, do 19 de xuño, e tomou posesión do seu cargo.

#### I.2.- ACTA ANTERIOR

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 29 de marzo de 2017.*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 29 de marzo de 2017 queda aprobada por 15 votos a favor e 2 abstencións da Sra Rodríguez Rodríguez e do Sr.





Rodríguez Fernández, que non participaron naquela sesión.

### **I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA RECOLLIDA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 19 de abril de 2017, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a Ordenanza fiscal reguladora no Concello de Nigrán dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados, publicada no Boletín oficial da provincia de Pontevedra número 37, do día 21.02.2013.

Considerando preciso modificar a ordenanza fiscal citada para adaptala á redacción dada á mesma polo Xefe da policía local de Nigrán, mantendo as vixentes cotas tributarias e variando parcialmente os conceptos.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Modificar a ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados, que quedaría redactada da seguinte forma:

***“Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola inmovilización, enganche, retirada, depósito e vixancia de vehículos.***

**Artigo 1.- Feito imponible.**

*Constitue o feito imponible desta taxa:*

**a)** *A Inmovilización ou enganche de vehículos na vía pública ou en calquera outro lugar ordeado pola autoridade competente ou os seus axentes, nos casos que se establezan nas diferentes normas aplicables.*

**b)** *O transporte e a retirada de vehículos da vía pública ordeados pola autoridade competente ou os seus axentes, nos casos que se establezan nas diferentes normas aplicables.*

**c)** *O depósito e vixancia de vehículos até a súa recollida polos interesados.*

**Artigo 2.- Suxeitos pasivos.**

**1.-** *Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta taxa os titulares dos vehículos inmovilizados, enganchados, custodiados ou retirados, entendéndose por tales aqueles que figuren no permiso de circulación do vehículo.*

**2.-** *O pago das taxas podrá ser efectuada polo conductor do vehículo no momento da inmovilización ou retirada.*





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

3.- *Estan exentos do pago das taxas da presente ordenanza, os traslados realizados nos casos de sustracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do titular documentalmente xustificadas; así como a retirada de vehículos das vías públicas que fose necesario efectuar por impedir ou obstaculizar a realización dun servizo público de carácter urxente ou de natureza análoga.*

### **Artigo 3.- Cota tributaria.**

<b>Concepto</b>	<b>Euros</b>
<i>1.- Por retirada, transporte e vixilancia de:</i>	
<i>1.1.- Motocicletas, ciclomotores, remolques e vehículos de movilidad personal VMP con masa máxima autorizada inferior a 750Kg.</i>	56,50
<i>1.2.- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarros), quads, caravanas, vehículos de movilidad personal VMP, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750Kg.</i>	101,00
<i>1.3.- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares.</i>	146,00
<i>2.- Por enganche de:</i>	
<i>2.1.- Motocicletas, ciclomotores, remolques e vehículos de movilidad personal VMP con masa máxima autorizada inferior a 750Kg.</i>	28,00
<i>2.2.- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarros), quads, caravanas, vehículos de movilidad personal VMP, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750Kg.</i>	50,00
<i>2.3.- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares.</i>	73,00
<i>3.- Por inmovilización (con traslado) de:</i>	
<i>3.1.- Motocicletas, ciclomotores, remolques e vehículos de movilidad personal VMP con masa máxima autorizada inferior a 750Kg</i>	56,50
<i>3.2.- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarros), quads, caravanas, vehículos de movilidad personal VMP, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750Kg.</i>	101,00
<i>3.3.- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares.</i>	146,00
<i>4.- Por inmovilización (sen traslado) de:</i>	
<i>4.1.- Motocicletas, ciclomotores, remolques e vehículos de movilidad personal VMP con masa máxima autorizada inferior a 750Kg</i>	34,00
<i>4.2.- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarros), quads, caravanas, vehículos de movilidad personal VMP, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750Kg.</i>	56,50





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

4.3.- *Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares.* 78,00

5.- *Por depósito (por día ou fracción):*

5.1.- *Motocicletas, ciclomotores, remolques e vehículos de movilidad personal VMP con masa máxima autorizada inferior a 750Kg* 6,00

5.2.- *Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarros), quads, caravanas, vehículos de movilidad personal VMP, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750Kg.* 11,00

5.3.- *Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares.* 16,00

*Enganche e inmovilización sin traslado:*

*A cota de enganche aplicarase desde o momento en que se inicien as xestións de requerimento dos medios técnicos necesarios para a inmovilización, retirada e transporte.*

*Así mesmo aplicarase a taxa por inmovilización sen traslado, naquelas situacións definidas na lexislación vixente que sexan subsanables nun corto espacio de tempo (máximo 30 minutos).*

### **Artigo 4.- Pago das taxas.**

*1.-As taxas reguladas na presente ordenanza devengarase no momento en que se preste o servizo ou simplemente no momento en que se tivese iniciado.*

*2.-Para a recollida do vehículo os interesados abonaran o importe das taxas correspondentes; para as suspensións da execución do acto recorrido en reposición estarase ao disposto ao respecto no artigo 224 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

*3.- O pago da taxa non exclúe o das sancións ou multas que foran legalmente procedentes por infracción das normas de circulación ou de policía urbana.*

### **Artigo 5.- Depósito.**

*O depósito municipal é o situado na Rúa Paradellas, número 26, ou calquera outro designado pola Alcaldía; poidéndose, se concurren circunstancias extraordinarias, sinalar por parte dos axentes da Policía local como depósito calquer garaxe público ou privado, coas mesmas tarifas que as fixadas para o depósito municipal.*

### **Disposición final.**

*Esta ordenanza fiscal entrará en vigor e comezarase a aplicar desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa”.*

**Segundo.-** Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación da ordenanza





fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados, polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncios no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello. Se no prazo citado non foran presentadas reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisorio sen necesidade de novo acordo plenario en tal sentido; e, de presentarse reclamacións no prazo citado, requirirase acordo do Concello Pleno resolvendo as reclamacións e aprobando definitivamente a modificación da ordenanza fiscal indicada”.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* É unha mellora técnica que non repercute nas tarifas.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Votarán a favor. Están conformes coa proposta, porque se aclara a redacción.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Apoian a proposta. Aproveitan para pedir modificacións que melloren estas e outras ordenanzas.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* A adaptación non afecta ás tarifas e favorece certos aspectos técnicos.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Apoiará a modificación porque posibilita a adaptación dos conceptos. Podería haberse aproveitado para axustar a estrutura das cotas.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### I.4.- PROPOSTA RELATIVA Á BIBLIOTECA MUNICIPAL

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 20 de abril de 2017, á iniciativa do grupo Nigrán Decide e introducindo determinadas modificacións na mesma a instancias de BNG e PP, acordou ditaminar o seguinte proposta:

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos servizos que debe prestar o Concello de Nigrán de forma obrigatoria é o de Biblioteca.





O grupo municipal de NIGRÁN DECIDE considera, entre outras cuestións, que a actual biblioteca de Nigrán é modelo en falta de accesibilidade para todas as persoas, modelo no tamaño que non debe ter unha biblioteca para un municipio de 17.000 habitantes (aproximadamente 120 metros cadrados) e modelo no seu emprazamento polo deficiente transporte público existente para chegar a ela.

O Pleno Concello de Nigrán celebrado o 17 de decembro de 2015 aprobou por unanimidade a creación dunha mesa de diálogo no que participasen todos os grupos municipais, persoal técnico do Concello e da Biblioteca, para definir, no prazo de seis meses, os servizos que debe prestar, as características e dimensións que debe ter e o emprazamento da futura biblioteca de Nigrán.

Pasaron xa 15 meses desde a aprobación dese acordo e o alcalde de Nigrán non convocou nunca a mesa prevista con todos os seus integrantes.

NIGRÁN DECIDE considera que decisións desta importancia para o futuro de Nigrán, como a construción dunha nova biblioteca, deben ser consensuadas e ser tomadas cunha visión estratéxica de futuro a medio e longo prazo.

En marzo do ano 2016 o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE presentou a todos os grupos un documento para o debate no que se concluíu que a futura biblioteca debería contar, cando menos, cunha zona de biblioteca infantil (cun mínimo de 50 postos), biblioteca de adultos (cun mínimo de 100 postos dun tamaño adecuado (2,8 m<sup>2</sup> por posto)), unha zona de acollida e promoción, que serviría para a realización de actividades, unha sala polivalente, puntos de acceso informático e unha hemeroteca.

Respecto ao tamaño concluíamos que, para contar con todos eses servizos, debería ter un tamaño aproximado de 1.110 m<sup>2</sup>

Este sería o tamaño da biblioteca ideal, orientativo, para ter en conta factores como a realidade económica do Concello de Nigrán e as posibilidades de financiamento dunha biblioteca deste tamaño.

O goberno municipal asumiu parcialmente o documento presentado por nós, anunciando en maio de 2016 que a nova biblioteca de Nigrán debería ter como mínimo 150 postos de lectura e que o novo deseño debe dar cabida a espazos como sala de estudo, de reunións ou de audiovisuais, tal como indicou no pleno celebrado o 31 de maio de 2016.

É evidente que unha biblioteca como a sinalada polo Alcalde ou no documento de Nigrán Decide debe ter un tamaño axeitado.

É por iso polo que propón ao Pleno do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. O Pleno Concello de Nigrán acorda que a nova biblioteca de Nigrán debe construírse cun tamaño adecuado para unha poboación de mais de 17 mil habitantes e para dar cabida a unha zona de biblioteca infantil (cun mínimo de 50 postos), biblioteca de adultos (cun mínimo de 100 postos dun tamaño adecuado (2,8 m<sup>2</sup> por posto)), unha zona de acollida e





promoción, que serviría para a realización de actividades, unha sala polivalente, puntos de acceso informático e unha hemeroteca.

2. O Pleno Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:

- Expoñer ao público durante o prazo de un mes o anteproxecto existente de nova biblioteca, para que a veciñanza e os colectivos sociais de Nigrán fagan as achegas que consideren.
- Que, unha vez exposto ao público o anteproxecto anterior, no prazo de 15 días convoque unha reunión coa presenza de todos os grupos políticos municipais co obxecto analizar as posibles achegas realizadas e acordar características básicas e emprazamento da nova biblioteca municipal de Nigrán.
- Que, unha vez acadado o acordo anterior, proceda xa no presente exercicio a redacción do proxecto construtivo, ben por medios propios ou mediante a correspondente contratación, habilitando os medios necesarios para tal fin, ao mesmo tempo que estuda as posibles vías de financiamento para executalo.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Dálle a palabra ao portavoz de Nigrán Decide, de quen partiu a iniciativa.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* O seu grupo considera que a actual biblioteca non se axusta ás necesidades municipais no que se refire á accesibilidade, tamaño e emprazamento. Alude a outras cuestións que figuran na exposición de motivos da súa proposta. A unanimidade presidira a posta en marcha deste proceso, pero o goberno non estivo á altura das expectativas, aínda que finalmente asumiu a súa responsabilidade dando un paso a favor desta proposta.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* A súa emenda ao punto número 2 do acordo, presentada na Comisión Informativa respondía á memoria presentada polo goberno. Trátase de abrir un período de información pública da memoria para recibir suxestións. Máis adiante os grupos examinarían as posibles achegas, coa idea de concertar as características básicas do proxecto, que debería redactarse neste exercicio. Ademais, débense estudar as posibles vías do financiamento. Na súa opinión, é un proxecto prioritario que debe materializarse neste mandato.

*D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Eles sinalaron un prazo de quince días para a información pública. O seu grupo xa apostara pola biblioteca na escola de Cotros. Aquí o Alcalde ignorou á oposición ao darlle publicidade unilateralmente á súa memoria. O PP votará a favor da proposta da Comisión e espera que se leva adiante.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Tamén se suma á crítica ao goberno, porque se ignorou á mesa de corporativos creada en 2015 para este fin. Confían en que isto non veña a rachar o consenso de cara ao futuro. O tema da situación non o comparte. Para el o polígono de Porto do Molle podería ser a zona idónea. Pensa que lle vai chocar aos propietarios dos inmobles inmediatos se se instala onde di a memoria, sen esquecer que é







unha zona urbana saturada. Cando menos o paso é positivo. Votará a favor.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O goberno aprecia as propostas que se fixeron e que o impulsaron a dar os pasos para conseguir o obxectivo. Recolleron a idea de Nigrán Decide e do BNG de centrar a actuación no núcleo de Nigrán. Acepta as críticas e pensa que é o momento de avanzar. Xa están buscando financiamento e apostan por seguir nesta liña.

*Sr. Cuevas Raposo:* Eles entendían que o tamaño era unha cuestión relevante.

*Sr. Rodríguez Fernández:* El tamén valoraba outros emprazamentos, pero despois de reflexionar pensan que a idea da dotación socio cultural neste lugar é boa. A actual está claro que non cumpre moitos requirimentos.

*Sr. Fernández Comesaña:* A memoria valorada contempla unha superficie menor que a da proposta.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA á de 27-03-2017 sobre SUBVENCIONES PARA SERVICIOS SOCIAIS

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 15 de marzo de 2017 e o 15 de abril de 2017, ambos incluídos, entre elas a seguinte:

#### SUBVENCIONES PARA SERVICIOS SOCIAIS

Expte núm.: 2017/03  
Departamento: Servizos Sociais

Visto o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

- Solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 marzo, polo que se regulan os servizos sociais





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- comunitarios e o seu financiamento.
- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é do 209.913,00 €, co seguinte detalle:
  - Persoal. 50.445,00€
  - Mantemento: 0,00 €
  - Axuda no fogar:
    - . Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00€
    - . Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 159.468,00€.
  - Xestión de programas: 0,00€
  - Investimento: 0,00€
- Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.
- Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2017 na contía de 155.805,77€, que supón unha porcentaxe do 42,60% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.
- Dar conta ao Pleno.

---

## II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

### 1.- Cumprimento de acordos plenarios.

O *Sr. Alcalde-Presidente* sinala que había unha proposta do Partido Popular do Pleno pasado na que indicaba que no control de órganos de goberno se falara do cumprimento dos acordos plenarios:

1.1. Unha moción era a elaboración dun plan de vertidos. Xa existe segundo os técnicos municipais un plan de vertidos feito pola Xunta de Galicia, que é quen ten a competencia neste tema. Dado que o Pleno o aprobou, o departamento de servizos urbanos ten esta proposta e nós estamos esperando que nos indiquen que facer. Tamén consideran que non é competencia municipal, que sería un gasto impropio do Concello, que xa está feito o plan de vertidos e que sería repetir o que xa está feito pola Xunta.

1.2. Outra proposta era a de levar a Xunta de Galicia aos tribunais pola retirada da subvención do abastecemento de auga a Parada pola Carrasca. O acordo plenario foi trasladado á Xunta de Galicia e non é intención deste goberno iniciar procesos xudiciais contra outras administracións. Ademais, tamén é a opinión dos servizos xurídicos deste Concello, que primeiro non é acertado e que as posibilidades de éxito son remotas.

1.3. En canto á vivenda na Avda. de Portugal nº 12 que presentara UCN, estamos pendentes de Costas. Trasladámoslle a petición para saber a situación real da vivenda.

1.4. En canto á ordenanza fiscal por aproveitamento especial do dominio público de





transportes de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, temos que facela. Está trasladada e pendente do departamento económico municipal.

1.5. O convenio da FEGAMP coas eléctricas, proposta de UCN, xa está asinado.

1.6. O programa de “Xantar na casa” de Nigrán Decide está a punto de pecharse o informe de Servizos sociais.

1.7. Na adhesión ao programa de vivendas baleiras estou pendente dun informe dos Servizos sociais, porque se puxeron en contacto con outros concellos veciños como Gondomar e Baiona e o éxito da iniciativa foi cero. Non houbo ningunha vivenda proposta.

1.8. *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Unha iniciativa presentada o ano pasado por nós e que foi aprobada en Pleno. Un famosísimo e pendente, tantas veces nomeado, estudo de mobilidade que incluía especificamente un estudo de mobilidade sostible municipal respecto aos medios do propio Concello.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos para contratalo, incluso se falou o outro día na reunión que tivemos na Xunta coa Directora Xeral de Ordenación do Territorio.

1.9. *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

1.9.1. O 24 de setembro de 2015, acordo relativo a transparencia, creación do portal de transparencia, que si creouse pero está baleiro. Creación da unidade coas funcións previstas no artigo 21.2 da Lei de transparencia, penso que non se creou.

1.9.2. O 17 de decembro un acordo relativo ao control do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, no cal puña que se iniciara o expediente administrativo para reclamar á empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria todos os posibles non prescritos que se tiñan que ter descontados do canón polos ingresos recadados a través dos distintos sistemas integrados de xestión.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non se iniciou.

*Sr. Cuevas Raposo:* Iso é diñeiro dos veciños e das veciñas de Nigrán que está desfrutando unha empresa privada.

1.9.3. O regulamento de participación cidadá. Non se fixo nada.

1.9.4. O do estudo de mobilidade, no cal solicitáramos que os tres primeiros puntos se fixeran o máis rápido posible. Os puntos segundo e terceiro non teñen nada que ver co plan de mobilidade, realizar unha auditoría dos vehículos existentes na flota do Concello de Nigrán, así como o seu estado e recuperar durante a tempada estival o servizo de vixilancia





policial en bicicleta.

1.9.5. En relación co plan de vertidos, hai un punto que si está claro, que é competencia municipal, que é un control real e efectivo do mantemento da rede de saneamento por parte do Concello. Non sabemos se se está facendo. Quero lembrar que eu solicitei o plan de mantemento e non existía neste Concello, e tiveron que pedirlo a AQUALIA .

1.10. *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

1.10.1. Los otros grupos ya dijeron muchas de las que tenía controladas yo, pero hay una que es tan antigua como la de la biblioteca, data del Pleno en que se derogó la tasa que había por la utilización del agua en las duchas, hay un punto que planteó en su momento el grupo Nigrán Decide, que era que íbamos a establecer una serie de reuniones con los grupos para determinar por que servicios públicos tenía que cobrar el Ayuntamiento tasas y por cuales no y que cuantías se iban a cobrar o no. Tasas por utilización de servicios municipales.

1.10.2. Sin ser moción, de forma previa a un Pleno, en una reunión que tuvimos íbamos a determinar las bonificaciones fiscales, cuales tenían que ser, homogeneizarlas y aplicarlas igual para todas las ordenanzas. Esto tiene por lo menos un año y medio sin hacer nada.

2.- *D<sup>a</sup>. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:*

Yo vuelvo a preguntar por las instalaciones de Gaifar, no sé si llegasteis a tomar alguna medida. Está cerrado y abierto cuando quiere, sucio, sin limpiar, sin recoger...

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está peor do que quixéramos que estivera.

3.- *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

3.1. En relación al paseo peatonal que discurre contiguo a Playa América, quiero hacer varios ruegos motivados por el siguiente incidente que paso a relatar:

El pasado fin de semana presencié una discusión entre un ciclista que discurría en bicicleta por dicho paseo y una viandante que paseaba con sus hijos. La discusión fue a raíz de un incidente motivado, porque el ciclista casi atropella a uno de los niños que estaba paseando por la zona limitada entre dos rayas blancas longitudinales que dividen el paseo en dos superficies. El ciclista decía que era un área limitada para uso de bicicletas y la madre del niño que ya no existía en dicho paseo acera-bici y que por lo tanto estaba prohibida la circulación de bicicletas por dicho paseo según normativa de tráfico legalmente vigente. La madre estaba bastante alterada. Además, ahora entre las dos franjas longitudinales incluso hay bancos que da lugar a que mucha gente que todavía está despistada, porque incluso alguna señora que pasaba decía (...) ¿como colocan bancos por donde van a pasar





